

PAUTAS DE MATRÍCULA CURSOS DE VERÁN UDC 2015

Cada curso ten dous tipos de tarifas (reducida e xeral) dependendo do perfil do interesado.

Escolla tipo de tarifa (reducida ou xeral).

Caso de escoller a **tarifa reducida** e non pertencer á comunidade universitaria da UDC é imprescindible achegar á Oficina de Cursos o documento que certifique esta circunstancia por calquera dos seguintes medios: correo electrónico occocc@udc.es, fax 981 167 013 á atención da Oficina de Cursos, ou en persoa na Oficina de Cursos, Universidade da Coruña, Casa do Lagar, Campus de Elviña, 15071 A Coruña.

PREMER INSCRICIÓN no apartado GRUPO

Deberá autenticarse:

- Autenticación Universitarios.- Comunidade universitaria da UDC (estudantes, PAS e PDI)
- Autenticación non Universitarios.-Persoas que non pertencen á comunidade universitaria da UDC:
 - o Solicita: Usuario (endereço de correo electrónico)
 - o Clave.- será facilitada polo programa unha vez rexistrado.
 - Caso de non estar rexistrado deberá rexistrarse, o programa solicitaralle unha serie de datos obrigatorios, prestar especial atención ao formato do campo Data de Nacemento: dd/mm/aaaa. Unha vez cumprimentado na súa totalidade pulsar **enviar** e recibirá a clave no seu correo electrónico coa que poderá continuar o proceso de inscrición

Usuario: endereço de correo electrónico

Clave: clave recibida no correo electrónico ao rexistrarse.

Enviar.

¹ Cada curso deberá ter oa final do prazo de inscrición un mínimo de quince persoas matriculadas

Grupo.- único

Tipo de inscrición.- anual

Confirmar.

Comprobar datos, se está conforme premer **Pagar cota**. Premer **Pagar con tarxeta de crédito** (tanto tarxetas de crédito como tarxetas de débito).

A continuación entra na pasarela de pagamento da entidade bancaria, onde deberá introducir **o número, data de caducidade, CVV2/CVC2** da tarxeta así como o enderezo do seu correo electrónico. Comprobe os datos e preme **enviar**.

O programa confirmaralle o pagamento da matrícula.

As reservas realizadas estarán vixentes un prazo de 48 h., non se aceptarán reservas dous días antes á finalización do prazo de matrícula

IMPORTANTE: EN NINGÚN CASO SERÁ POSIBLE A DEVOLUCIÓN DAS TAXAS LOGO DE REALIZAR A MATRÍCULA, AGÁS POLA SUSPENSIÓN DO CURSO¹

Antes de realizar o pagamento da matrícula, lembre que a comunidade universitaria da UDC disporá de 4 bolsas por curso de asistencia gratuíta para o estudantado e unha para cada sector de PDI e de PAS (só se concederá unha bolsa por interesado).

Estas bolsas outorgaranse por rigoroso orde de solicitude na Oficina de Cursos. Poderá solicitala por correo electrónico, achegando título do curso, nome, apelidos e DNI da persoa interesada; á Oficina de Cursos (occocc@udc.es), onde lle informarán do proceso de solicitude.

De ter feita a reserva o programa informará **Este Usuario Xa Ten Unha Inscrición Con Estado 'RESERVA' Para Esta Actividade** para realizar o pagamento premer **HISTÓRICO** (arriba á esquerda), **INSCRICIÓN**S , **VER MÁIS**, **PAGAR COTA**

¹ Cada curso deberá ter oa final do prazo de inscrición un mínimo de quince persoas matriculadas